# A NOTICIA

**Que é?**
Un texto xornalístico que recolle informativamente feitos novidosos de interese para os lectores.

**Que contén?**
Unha noticia contén o relato dunha nova. Soe dar resposta a estes seis tipos de circunstancias (6 W) :

- que sucedeu, OS FEITOS
- quen o fixo, O PROTAGONISTA
- como aconteceu, O MODO
- onde sucedeu, O LUGAR
- cando pasou, O TEMPO
- e por que se produciu, A CAUSA

**Como se organiza?**




Os elementos principais son:

| | |
|---|---|
| **Titular** | Se o **titular** é informativo, conterá o <u>tema</u> da noticia |
| **Entrada ou *lead*** | A **entrada** contén os <u>elementos máis importantes</u> da noticia |
| corpo \| da \| nova | O **corpo** <u>desenvolve a información</u> e achega datos complementarios. Soen situarse en primeiro lugar aqueles feitos ou datos fundamentais que atraen o interese, para ir progresivamente introducindo outros detalles menos importantes (**técnica da pirámide invertida**). |